

BUTACA VERDE

Guía de Recursos Audiovisuais



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN
AMBIENTAL



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



PENSA . ALIMÉNTATE. AFORRA
DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE. 5 XUÑO



PENSA . ALIMÉNTATE. AFORRA **DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE. 5 XUÑO**

O Día Mundial do Medio Ambiente ten como lema neste ano 2013 “Pensa. Aliméntate, Aforra”, unha campaña para reducir os refugалlos e as perdas de alimentos.

Segundo a FAO, cada ano son despediciados 1,3 miles de millóns de toneladas de comida, que é o mesmo que a produción alimentaria de todo o África Subsahariana. Ademais, unha de cada sete persoas do planeta vaise á cama famenta, e máis de 20.000 nenos de menos de 5 anos morren de fame cada día.

Con esta campaña quérese animar a todo o mundo a actuar. Para que todos sexamos testemuñas de como moitas das nosas decisións reducen o volume de refugалlos, aforran cartos e diminúen o impacto ambiental da produción de alimentos.

Se estamos a desperdiciar a comida, todos os recursos naturais empregados ou os gases emitidos á atmosfera no seu proceso de produción tamén se están a malgastar. De feito, a produción global de alimentos ocupa un 25 % da superficie habitable e un 70 % do consumo de auga, que é a responsable do 80 % na destrución dos bosques e un 30 % da emisión de gases. É, polo tanto, unha das actividades que máis afectan á perda da biodiversidade e aos cambios no uso do solo.

Debemos, polo tanto, escoller aqueles alimentos cuxo impacto no medio ambiente sexa menor, como os provintes da agricultura ecolóxica na que apenas se usan produtos químicos. Tamén debemos comprar os nosos alimentos en mercados locais, nos que sabemos que apenas houbo gastos de transporte e non supoñen tantas emisións de gases á atmosfera.

Trátase, en definitiva, de pensar antes de alimentarse e así aforrar para protexer a riqueza da vida na terra.

Máis información:
<http://www.unep.org/spanish/wed/>



CEIDA
CENTRO DE EXTENSIÓN
UNIVERSITARIA E DIFUSIÓN
AMBIENTAL DE GALICIA



DOMINGO
QUIROGA
CENTRO DE
DOCUMENTACIÓN
AMBIENTAL



XUNTA DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Concello de Oleiros





CONSELLOS PARA **PENSAR**, **ALIMENTARTE** E **AFORRAR**

EVITA comer alimentos
MODIFICADOS
xenéticamente (OMS).
Escolle a agricultura
ORGÁNICA.

EVITA emisións innecesarias
á **ATMOSFERA.**
Escolle **PRODUTOS**
LOCAIS cuxo transporte
é menor.

CONSUME froitas
e verduras de
TEMPADA,
eliminando procesos de
producción agresivos co
medio ambiente.

CALCULA a cantidade
de **alimentos**
PERECEDOIROS
que vas a consumir para
evitar **compras**
innecesarias.

EVITA alimentos inmaduros
como as **TALLAS**
pequenas de peixe
para **garantir**
a supervivencia da especie.

APOSTA polo
COMERCIO XUSTO
que ofrece mellores
condicións comerciais e
asegura os **dereitos**
dos pequenos produtores.




A GUÍA BUTACA VERDE

En conmemoración ao **Día Mundial do Medio Ambiente 2013**, o Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga, dependente do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), ofrece esta guía de recursos audiovisuais relacionada con moitas das problemáticas que afectan ao noso planeta.

Os recursos incluídos na mesma forman parte da fonoteca do centro e están dispoñibles en préstamo para todas as persoas que estén interesadas en visualizalos. Recolle ademais, unha selección de documentais de acceso electrónico a través da Rede.

O Centro de Documentación Ambiental Domingo Quiroga posúe un importante fondo especializado en temática ambiental, no que se atopan libros especializados, revistas, audiovisuais ou literatura gris. Se aínda non eres usuario o non coñeces os fondos dispoñibles no centro, consulta o seu catálogo en liña:

<http://documentacion.ceida.org>



DOCUMENTAIS EN PRÉSTAMO

.....



NOSOTROS ALIMENTAMOS EL MUNDO

Produce: Karma Films

Ano: 2009

Sinopse: Documental sobre a comida e a globalización, pescadores e agricultores, camioneiros e executivos corporativos, a circulación de produtos e dos cartos, unha película sobre a escaseza rodeada da abundancia. Con imaxes inesquecibles, este documental nos informa sobre a produción da nosa comida e nos dí por que temos que facer algo relacionado coa fame no mundo.




NUESTRO PAN DE CADA DÍA

Produce: Karma Films

Ano: 2008

Sinopse: Película que recolle imaxes da produción industrial de alimentos e das granxas de alta tecnoloxía. Ao ritmo das cintas transportadoras e das máquinas inmensas este documental observa sen comentarios lugares de Europa nos que se producen alimentos: un frío entorno industrial que deixa pouco espazo ao individualismo. *Nuestro pan de cada día* é unha mesa a gran escala dun festín que non sempre é fácil de dixerir e do que todos formamos parte.



ORO NEGRO

Produce: Karma Films

Ano: 2008

Sinopse: As multinacionais do café dominan os centros comerciais e os supermercados, controlando a industria que move máis de 80 billóns de dólares anuais, e convertindo este produto na mercadoría comercializada máis valiosa de todo o mundo despois do petróleo. Pero mentras que nós seguimos pagando máis, o prezo que se lle está a pagar aos campesiños que cultivan o café continua sendo moi baixo, ata o punto de obrigar a moitos deles a abandonar as súas colleitas.



THE COVE

Produce: A Contracorriente Films

Ano: 2009

Sinopse: O delfín é un dos animais máis intelixentes e unha das especies máis admiradas do mundo. Non obstante, nun pequeno pobo da costa de Xapón escóndese un grande segredo. Un grupo de activistas liderado polo coñecido entrenador de delfíns Richard O'Barry, embárcanse nunha perigosa misión para revelar o que sucede neste lugar.




LA PESADILLA DE DARWIN

Produce: Sagrera

Ano: 2006

Sinopse: Na década dos 60, no corazón de África, unha nova especie animal foi introducida no Lago Victoria como un pequeno experimento científico. A Perca do Nilo, resultou ser un voraz depredador que arrasou con todas as especies autóctonas deste lago. Hoxe en día, os seus filetes continúan sendo exportados arredor de todo o mundo. Enormes avións de carga chegan diariamente pra recoller os cargamentos de pesca e a cambio deixan a súa mercadoría, kalashnikovs e munición para as innumerables guerras que teñen lugar neste continente.




LA ESPALDA DEL MUNDO

Produce: Cameo

Ano: 2003

Sinopse: Película composta por tres reportaxes que recollen diferentes situacións de degradación humana e inxustiza social e política: un neno que traballa para axudar á súa familia, unha muller encarcerada por dicir o que pensa, ou un home que vai a ser executado. Tres miradas, tres voces, e unha soa historia. Un documental que conta a situación na que viven moitas persoas, as que viven ás costas do mundo.



EN EL MUNDO A CADA RATO

Produce: Suevia Films

Ano: 2005

Sinopse: Este documental recolle cinco historias diferentes que abordan as cinco prioridades nas que traballa UNICEF: a educación das nenas, o desenvolvemento integrado na primeira infancia, a inmunización, a loita contra o VIH/SIDA, e a protección contra a violencia, e explotación e a discriminación.




LOS LATIDOS DE LA TIERRA

Produce: Isabella Audiovisual

Ano: 200-?

Sinopse: O 75 % da fame e a pobreza no mundo concéntrase no medio rural. *Los latidos de la tierra* é unha serie documental de oito episodios que presenta a historia dunha viaxe que percorre todos os continentes, retratando aos campesiños do mundo, recollendo a testemuña da súa desesperación pero tamén da súa infatigable loita. A serie pretende sensibilizar á sociedade, nun sentido xeral, sobre a complexa realidade do medio rural no mundo, especialmente nos países en vías de desenvolvemento.



BARAKA: EL ÚLTIMO PARAÍSO

Produce: Lauren Films

Ano: 2002

Sinopse: Baraka é un documental rodado en 24 países, que inclúen exteriores tan diversos como Tanzania, China, Brasil, Camboya, Irán e Nepal, xunto con outros lugares de Estados Unidos ou Europa. As imaxes captan glorias e calamidades que a natureza e o home trouxeron ao planeta, narrando a impresionante historia da tumultuosa interacción entre a Terra e o home.



HOME

Produce: Karma Films

Ano: 2009


Sinopse: En 200.000 anos de existencia, o home rompeu un equilibrio de case 4.000 millóns de anos de evolución da Terra. O prezo a pagar é considerable, pero demasiado tarde para os pesimistas: á humanidade quédanlle dez escasos anos para invertir a tendencia, concienciarse da explotación desmesurada das riquezas da Terra e cambiar o modo de consumo. Un documental que recolle imaxes inéditas de máis de 50 países vistos desde o ceo.

COMO FUNCIONA O SERVIZO DE PRÉSTAMO?

Para facer uso do servizo de préstamo só é necesario darse de alta na base de datos de usuarios do Centro de Documentación. Poden sacarse un máximo de 5 documentais durante un prazo de 15 días.

Máis información: documentacion@ceida.org - 981630618

DOCUMENTAIS NA REDE



FOOD, INC

Produce: Participant Media & River Road Entertainment

Ano: 2008

Sinopse: A nosa alimentación cambiou máis nos últimos 50 anos que nos 10 milenios anteriores. Pero en Estados Unidos continúan usando a imaxe da América rural para comercializar a comida. Este documental narra a trama da industria alimentaria estadounidense e os procesos que se ocultan ao consumidor co consentimento das axencias reguladoras e de control gobernamentais.

URL: <http://www.youtube.com/watch?v=xOKhFOzAYF4>



ULTIMATUM AL HOMO CONSUMUS

Produce: SETEM Comunitat Valenciana

Ano: 2010

Sinopse: Cortometraje realizado pola ONG SETEM da Comunidade Valenciana que forma parte dun proxecto de sensibilización que pretende concienciar sobre as causas e consecuencias do consumo irresponsable e achegarnos a alternativas positivas e máis ecolóxicas que están ao noso alcance.

URL: <http://www.youtube.com/watch?v=eTPvijfbNVo>



GRAN SUPERFICIE

Produce: Ecologistas en Acción, Consume hasta Morir

Ano: 2005

Sinopse: Nunca tiveches a sensación de que na túa vida cotiá hai sempre algo que te incita a mercar calquer tipo de produto ou servizo aínda que non o necesites? Desta e outras cuestións trata este documental onde se mostran os segredos dalgúñas das estratexias que empregan as grandes marcas para crear en nós falsas necesidades. Unha película para reflexionar si é necesario todo o que consumimos.

URL: <http://vimeo.com/35526673>




EARTHLINGS (TERRÍCOLAS)

Produce: Nation Earth Organization

Ano: 2006

Sinopse: Documental que relaciona a natureza, os animais e os seres humanos. Nel se mostra a total dependencia que o home ten dos animais, para o seu uso como mascotas, comida, entretemento, vestimenta ou investigación científica, facendo especial fincapé na falta de respecto e humanidade de moitos dos recursos naturais do planeta. Trátase dunha investigación de cinco anos grabada con cámaras ocultas en tendas de animais, criadeiros, refuxios, granxas industriais, matadoiros, etc.

URL: <http://www.youtube.com/watch?v=QxBtVyTZJ0k>



LA COMIDA IMPORTA (FOODMATTERS)

Produce: Permacology Productions

Ano: 2008

Sinopse: “Que o teu alimento sexa a túa menciña, e a túa menciña sexa o o teu alimento” (Hipócrates). Esta é a premisa inspiradora deste documental que denuncia a industria da enfermidade, un xigantesco negocio montado detrás de ocultar este tipo de información ao público. Nel se demostra que a terapia nutricional pode ser máis eficaz, económica e menos dañina que moitos dos tratamentos médicos tradicionais, facendo especial fincapé na industria farmacéutica.

URL: <http://tu.tv/videos/la-comida-importa-food-matters>




EL MUNDO SEGÚN MONSANTO

Produce: Arte France, Image et Compagnie, Office National du Film du Canada (ONF), Productions Thalie, Westdeutscher Rundfunk (WDR)

Ano: 2008

Sinopse: Documental que recolle os perigos resultantes do crecemento exponencial dos cultivos transxénicos, que no ano 2007 cubrían 100 millóns de hectáreas con variedades xenéticas patentadas nun 90% pola multinacional Monsanto. Nel se describe a historia da compañía e os seus produtos comerciais, facendo especial fincapé no impacto que a súa actividade está tendo no medio ambiente.

URL: <http://www.youtube.com/watch?v=LdIkq6ecQGw>




COMPRAR, TIRAR, COMPRAR

Produce: Article Z, Media 3.14

Ano: 2011

Sinopse: *Comprar, Tirar, Comprar* é un documental que explica por que os produtos que compramos duran cada vez menos, detalla a programación da obsolescencia dos obxectos para incrementar o seu consumo. Existen lámpadas eternas? Como se pode empregar o chip dun produto para “matalo” cando chegue a un determinado número de usos? Estas son algunhas das preguntas que se atopan nesta reportaxe.

URL: <http://www.rtve.es/television/documentales/comprar-tirar-comprar/directo/>



LA HISTORIA DE LAS COSAS

Produce: Tides Foundation, Funders Workgroup for Sustainable Production and Consumption, Free Range Studios.

Ano: 2007

Sinopse: Temos un verdadeiro problema coas cousas que nos rodean. De onde veñen as cousas que compramos? Onde van a parar en canto as tiramos? Cales son os seus custes económicos e ecolóxicos? Annie Leonard, creadora deste vídeo, rastrea a vida das cousas que usamos todos os días e mostra como funciona a cadea de consumo do sistema capitalista.

URL: <http://www.youtube.com/watch?v=ykfp1WvVqAY>

MÁIS INFORMACIÓN SOBRE O CENTRO DE DOCUMENTACIÓN

<http://www.ceida.org/centro-documentacion-domingo-quiroya.html>